




Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN GRUPO B abril – xuño 2016

6 de abril: entregamos...




Adiós Hemingway, de Leonardo Padura

Corenta anos máis tarde de saudar a Ernest Hemingway en persoa, abandonado o seu cargo de tenente investigador na policía d'A Habana e dedicado a vender libros de segunda man, Mario Conde vese empuxado a regresar á casa museo de Hemingway, para enfrontarse a un estraño caso: no xardín da propiedade foron descubertos os restos dun home que, segundo a autopsia, morreu fai corenta anos de dous tiros no peito.

Comentario: 20 de abril

Commemoración do Día do Libro

20 de abril: entregamos...



Obra poética de Manuel María

Adícase o ano 2016 á figura de Manuel María no Día das Letras Galegas. Achegarémonos a súa obra poética a través de libros como "Terra Chá", "As rúas do vento ceibe", "Sonetos á casa de Hortas", "O Miño canle de luz e néboa" e diversas antoloxías que cubren diferentes etapas da creación lírica do escritor lucense, voz fundamental na segunda metade do século XX, e tamén cultivador doutros xéneros como o teatro e a narrativa infantil.

Comentario: 4 de maio

Commemoración do Día das Letras Galegas

4 de maio: entregamos...



Un paraíso inalcanzable, de John Mortimer

Ao morrer Simeon Simcox, o párroco socialista do pobo de Rapstone Fanner, os seus fillos descubren que deixou toda a súa fortuna ao deputado conservador local Leslie Titmuss. Os dous fillos de Simcox reaccionan de maneira oposta: Henry, impugnará o testamento; en cambio, o seu irmán menor, Fred, decide investigar no pasado de seu pai.

Comentario: 18 de maio

18 de maio: entregamos...

TÍTULO POR DECIDIR
PENDENTE DE DISPOÑIBILIDADE

Comentario: 1 de xuño – Remate da tempada